



O barrio accesible: comercio TEAtende

ACCESIBILIDADE COGNITIVA



O proxecto “O barrio accesible: comercio TEAtende”, nace da necesidade de dar respostas ás dificultades de comunicación que poden xurdir entre as persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) e os/as comerciantes da cidade de Santiago de Compostela, e das barreiras de accesibilidade cognitiva que o colectivo con TEA atopa á hora de acceder, facer uso, desprazarse e integrar a información dos comercios da cidade.

ALGÚNS CONCEPTOS PREVIOS.

Trastorno do Espectro do Autismo (TEA): é un trastorno do neurodesenvolvemento que afecta a un 1 de cada 100 nenos que nace, dando lugar a dificultades en dúas áreas principalmente, na comunicación e a interacción social e na inflexibilidade do pensamento e da conduta.

Accesibilidade cognitiva: abarca todas aquelas estratexias que axudan a que as persoas que presentan necesidades de comunicación e de linguaxe, poidan acceder e comprender a información e procesala para utilizala na súa adaptación ó medio.

Comercio de proximidade: Refírese ó comercio do barrio. Un comercio no que atopamos produtos locais ademais dun trato máis próximo por parte dos comerciantes, sen necesidade de realizar grandes desprazamentos, o que facilita o uso autónomo do mesmo.



ACCEDE A MÁIS CONTIDOS
SOBRE ACCESIBILIDADE
COGNITIVA NA NOSA WEB:
[accesibilidade.
autismogalicia.org](http://accesibilidade.autismogalicia.org)

BARREIRAS QUE ATOPAN AS PERSOAS CON TEA.

Estas son algunhas barreiras que poden atopar as persoas con TEA, á hora de acceder a un comercio:

DIFICULTADES NA COMUNICACIÓN E INTERACCIÓN CO/COA COMERCIANTE

FALTA DE SINIALIZACIÓN CON PICTOGRAMAS E DISTRIBUCIÓN INADECUADA DOS ESPAZOS

SENSIBILIDADE PARA TOLERAR RUÍDOS, OLORES LUMINOSIDADE...

ALGUNHAS MEDIDAS PARA MELLORAR A ACCESIBILIDADE COGNITIVA DO TEU NEGOCIO E A COMUNICACIÓN COAS PERSOAS CON TEA:

Como podes facer que o teu comercio tamén sexa accesible?

- 1 Distribúe os produtos dunha forma ordenada e evita os cambios.
- 2 Sinaliza os produtos ou o corredor da tenda con apoios visuais como poden ser os pictogramas de ARASAAC.
- 3 Pon os contidos dos teus carteis dunha forma clara e esquemática.
- 4 Dispón dunha boa iluminación no comercio, elimina ruído ou música de fondo que poden distraer a atención ou provocar malestar nas persoas con TEA, coida a climatización do teu local.

Como podes facer que o teu comercio tamén sexa accesible?

- Diríxete á persoa que fala e non ó seu acompañante.
- Utiliza unha linguaxe clara e sinxela e adecuada a súa idade.
- Realiza preguntas claras e directas.
- escoita e deixa tempo para responder, non te anticipes finalizando a súa mensaxe.
- Asegúrate que comprende o que dis, senón entendeu algo, repíteo doutra forma.



O uso de pictogramas para a sinalización require dunha especialización na súa creación.

Se queres facer o teu comercio accesible, ponte en contacto co nós.
info@autismogalicia.org



Accesibilidade Cognitiva

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA



autismogalicia.org

Sede social da Federación

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

Centro de recursos

Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

Tel. +34 981 589 365

info@autismogalicia.org



**Deputación
DA CORUÑA**



ARASAAC

Autor pictogramas: Sergio Palao
Procedencia: ARASAAC (<http://arasaac.org>)
Licencia: CC (BY-NC-SA)
Propiedad: Gobierno de Aragón